Argumento da sala do tribunal

Compilacións de actas, etc.

Compilacións de leis

Para unha obra que recolla compilacións de leis²⁷, decretos, etc., rexistre como título preferido, nesta orde de preferencia:

- O título oficial da devandita compilación se foi publicado así no correspondente boletín oficial, xunto coa súa data de promulgación-

110 \$aEspaña.\$tCódigo civil, 1889

- No resto dos casos, rexistre o título facticio **Leis, etc.**, seguido a continuación dunha breve descrición temática. Consulte o catálogo de autoridades da BNE para asinalo. Se non existen un termo adecuado, ou a combinación abarca máis temas, utilice **Leis, etc.**

110 1# \$aCataluña.\$tLeis, etc. de administración local

[Título preferido para unha compilación que recolle lexislación sobre administración local.]

110 1# \$aCantabria (Comunidade autónoma).\$tLeis, etc.

[Título preferido para unha compilación que recolle lexislación sobre administración local, autonómica, e de lexislación estatal que afecta ás entidades locais.]

- Cando se trate dunha colección de constitucións, rexistre **Constitucións**.

Leis, etc., individuais

Utilizarase como título preferido o nome oficial abreviado da lei, omitindo a numeración oficial, acompañado da data na que foi promulgada.

Eliminaranse do nome as explicacións que preceden ao título da lei ("Texto refundido", "Texto articulado"...), pero deixaranse as fórmulas que especifiquen o tipo de lei ("Lei de bases, Lei orgánica, Lei marco"...)

Faga sempre unha variante co título oficial da lei.

110 1# \$aEspaña.\$tLey orgánica reguladora del derecho a la educación, 1985.

410 1# \$aEspaña.\$tLey Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del Derecho a la Educación.

110 1# \$aFrancia.\$tLoi sur la propriété littéraire et artistique, 1957

410 1# \$aFrancia.\$tLoi 57-927 du 11 mars 1957

Os códigos aceptaranse na súa forma máis breve, inda que teñen que estar legalmente denominados desta forma para poder aceptarse como título preferido. Non se aceptarán denominacións de códigos que son meramente recompilacións editoriais de leis.

Son tecnicamente códigos, os seguintes:

- Código civil
- Código penal
- Código de comercio
- Código de xustiza militar

²⁷ Teñen forza de lei as leis orgánicas, as leis ordinarias, os decretos lei e os decretos lexislativos como son os textos refundidos e os textos articulados. Polo contrario, non teñen forza de lei os reais decretos, os decretos ministeriais e as disposicións administrativas.

- Código de circulación

110 1# \$aEspaña. \$tCódigo penal, 1995

410 1# \$aEspaña. \$tLey Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal

Para unha lei ou disposición con forza de lei ou unha compilación de leis que rexen nunha xurisdición, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra, combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa á xurisdición rexida polas leis.
- O título preferido da lei ou leis

110 1# \$a España. \$t Ley de seguridad privada, 1992

110 1# \$a España. \$t Constitución, 1812

110 1# \$a Castilla y León. \$t Leyes, etc., de vivienda

Para pragmáticas, reais provisións, abalaes, cédulas, decretos e outras disposicións equivalentes con forza de lei características do Antigo Rexime español ou compilacións das mesmas que rexen nunha xurisdición, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa á xurisdición rexida pola lei ou leis.
- O título preferido da lei ou leis, incluíndo o tipo de disposición e a data de promulgación no formato AAA-MM-DD, salvo nos casos nos que a lei sexa coñecida por un título determinado, en cuxo caso utilizarase este título xunto co ano de promulgación. En caso de compilacións de leis dadas en datas distintas dun mesmo ano, soamente consignarase este último.

Incluirase punto de acceso adicional coa entidade promulgadora.

110 1# \$aEspaña. \$tProvisión, 1621-04-24

710 1# \$aEspaña. \$bRey (1621-1665: Felipe IV)

110 1# \$aCastilla (Reino). \$t Leyes de Toro, 1505

700 0# \$aJuana \$bl, \$cReina de Castilla

110 1# \$aEspaña. \$tPragmáticas, 1611

110 1# \$aEspaña. \$bRey (1598-1621: Felipe III)

Este punto de acceso autorizado de obra construírse unicamente cando sexa posible determinar con claridade o tipo de lei ou disposición²⁸. En caso contrario, o título propio funcionará como punto de acceso autorizado.

245 10 \$aDon Carlos por la gracia de Dios Rey de Castilla, de Leon, de Aragon ... a todos los Jueces Comisionados por el Conde de Aranda, Presidente del nuestro Consejo, á cuya direccion existen las Cajas, o Depósitos en que se hallan los Regulares de la Compañía, para ser conducidos, y embarcados al Estado Pontificio, consiguiente á su estrañamiento de estos Reynos

²⁸Cando o tipo de disposición lexislativa poida determinarse con claridade, engadirase o punto de acceso de xénero/forma correspondente.

Leis que rexen en máis dunha xurisdición

Para unha compilación de leis que rexen en máis dunha xurisdición, constrúa o punto de acceso autorizado usando para iso o título preferido da obra.

245 00 \$a Legislación educativa comparada europea

Para unha compilación de leis que inclúa disposicións que maioritariamente se aplican nunha xurisdición, constrúa o punto de acceso preferentemente segundo dita xurisdición.

110 1# \$a España 240 10 \$a Ley orgánica de Educación, 2006

245 10 \$a Ley orgánica de educación y legislación complementaria

[O recurso inclúe como material complementario extractos de disposicións autonómicas e europeas sobre educación]

Proxectos e anteprojectos de lei

Para proxectos legislativos, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a Obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao corpo legislativo apropiado.
- O título preferido do proxecto legislativo.

110 1# \$a España. \$a²⁹ Cortes Generales. \$t Proyecto de ley de arrendamientos urbanos

[Para outros anteprojectos de lexislación, constrúa o punto de acceso co autor persoal ou colectivo, responsable do anteprojecto e o título preferido]

110 2# \$a Agrupación Nacional de Propietarios de Fincas Rústicas. \$t Proyecto de ley sobre la Reforma Agraria

Leis antigas e medievais

Para leis medievais ou anteriores, o título preferido establecerase co nome que recibiron tradicionalmente. Acéptanse na lingua orixinal, salvo que nas fontes de referencia se citen noutra lingua, como ocorre en ocasións nas que prevalecen as linguas vernáculas fronte ao latín.

130 0# \$aFuero juzgo

130 0# \$aSiete partidas

130 0# \$aCorpus juris civilis

Cando se trata dunha parte ou sección dunha lei antiga irá subordinada ao nome desta se ten un nome xenérico ou non o suficientemente identificativo. En cambio, se posúe un título distintivo, o punto de acceso realizarase co título da parte.

130 0# \$a Siete partidas. \$p Partida primera

130 0# \$a Institutiones

[e NON 130 0# \$a Corpus juris civilis. \$p Institutiones]

29 Creo que debería ir aquí un \$b de Unidade subordinada.

Disposicións administrativas, etc., sen forza de lei

Para disposicións administrativas, regulamentos, etc., sen forza de lei, constrúa o punto de acceso autorizado que represente a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa á axencia ou axente responsable da disposición.
- O título preferido das disposicións, etc.

110 1# \$a España. \$b Ministerio de Ciencia y Tecnología. \$t Reglamento para baja tensión, 2004

Para ordenanzas, regulamentos, autos, instrucións, circulares, bandos, edictos proclamas, ordes e outras disposicións equivalentes sen forza de lei características do Antigo Réxime español, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra, combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa á axencia ou axente responsable da disposición.
- O título preferido da lei ou leis, incluíndo o tipo de disposición e a data de promulgación no formato AAAA-MM-DD.

110 1# \$aNueva España. \$bVirrey (1771-1779: Antonio María Bucarelli y Ursúa)

240 1# \$aReglamento, 1778-09-19

Este punto de acceso autorizado de Obra construírase unicamente cando sexa posible determinar con claridade o tipo de disposición³⁰. En caso contrario, o título propio, xunto co punto de acceso autorizado do axente responsable da disposición, funcionará como punto de acceso autorizado.

110 1# \$España. \$bConsejo Real

245 1# \$aCopia de la Resolucion del Real Consejo de la Camara de S. M. en el expediente causado a instancia de los curas del Sagrario de la Santa Iglesia de Cadiz

Leis e disposicións derivadas, etc., publicados conxuntamente

Cando unha lei ou leis se publican conxuntamente coas disposicións, etc., derivadas da lei ou leis, utilice o punto de acceso autorizado apropiado para a que apareza primeiro na fonte preferida de información do recurso que se está describindo.

Cando só a lei ou leis se mencionen no título propiamente dito, utilice o punto de acceso autorizado da lei ou leis.

Cando só as disposicións se mencionan no título propiamente dito, utilice o punto de acceso autorizado apropiado para disposicións.

Cando a evidencia da fonte preferida de información é ambigua ou insuficiente, utilice o punto de acceso autorizado de lei ou leis.

Non aplique a alternativa

³⁰Cando o tipo de disposición administrativa poida determinarse con claridade, engadirase o punto de acceso de xénero/forma correspondente.

Compilacións de disposicións administrativas, etc.

Para compilacións de disposicións, etc., promulgadas por diferentes axencias gobernamentais, etc., constrúa o punto de acceso autorizado usando para isto o título preferido da obra.

Regulamentos dunha institución administrativa

Para o regulamento de funcionamento dunha institución da Administración, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso da xurisdición da que emana a lei que recolle o regulamento, ou da axencia gobernamental, se a disposición non ten forza de lei.
- O título preferido da obra xurídica

110 1# \$a España. \$b Ministerio para las Administraciones Públicas. \$t Estatuto de la Biblioteca Nacional, 1991

Constitucións, estatutos de fundación, etc., de organismos internacionais intergubernamentais

Para unha constitución, estatuto de fundación, etc., dun organismo internacional intergubernamental, constrúa o punto de acceso autorizado que representa á obra, combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ese organismo
- O título preferido da constitución, etc.

Para modificacións de tal documento, utilice o mesmo punto de acceso autorizado como o utilizado polo documento orixinal.

Un tratado, etc.

Para un tratado entre dous ou máis dos seguintes:

- Gobiernos nacionais
- Organismos intergubernamentais
- A Santa Sede
- Outras xurisdicións con potestade para firmar tratados

Rexistre como título preferido (nesta orde de preferencia):

- Un título oficial do tratado
- Un título corto ou unha cita de título usada en literatura xurídica
- Calquera outra designación oficial pola que o tratado sexa coñecido

130 0# \$aTratado de la Unión Europea\$d(1957)

130 0# \$aTratado de Tordesilla\$d(1494)

130 0# \$aAcuerdo de sede entre el Gobierno de la República Argentina y la Organización Iberoamericana de Seguridad Social\$d(1938)

Se o tratado está publicado simultaneamente en diferentes linguas e non se pode determinar a lingua orixinal, aplique as instrucións para Obras creadas despois de 1500.

Para un tratado ou calquera outro acordo formal entre dous ou máis gobernos nacionais, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra usando o título preferido do tratado.

130 0# \$aTratado de Varsovia\$d(1705)

410 1# \$aSuecia. \$tTratados, etc.\$gPolonia\$d(1705)

410 1# \$aPolonia.\$tTratados, etc.\$gSuecia\$d(1705)

Inclúa a data do tratado como adición ao título preferido:

130 0# \$aTratado de la Unión Europea\$d(1997)

130 0# \$aTratado de Tordesillas\$d(1494)

Protocolos, emendas ou extensións a un tratado

Trate como un protocolo, emenda ou extensión como unha nova Obra, aplicando as mesmas directrices que para tratados.

Para un protocolo, emenda, extensión ou outro acordo complementario a un tratado, constrúa o punto de acceso autorizado co título preferido.

Inclúa a data de protocolo como adición ao título preferido.

130 0# \$a Protocolo al Tratado Antártico sobre Protección del Medio Ambiente\$d(1991)

Compilacións de tratados, protocolos, emendas, etc.

Cando unha compilación de tratados, etc., se identifica nas fontes mediante un nome colectivo, rexistre ese nome como o título preferido. En caso contrario, utilice o nome dado na manifestación que recopila os tratados.

130 0# \$aTratado de Utrecht\$d(1713-1715)

[Nome colectivo para un grupo de tratados firmados entre 1713 e 1715]

Para outras compilacións, constrúa o punto de acceso autorizado usando para isto o título preferido da Obra.

Para unha compilación de tratados non identificados cun nome colectivo, aplique as instrucións dadas en Título preferido da Obra.

245 00 \$a Acuerdos fronterizos con Portugal y Francia :\$bcolección de recopilaciones

Repertorios de xurisprudencia

Para repertorios de xurisprudencia dun tribunal, o punto de acceso autorizado constrúese combinando:

- O punto de acceso autorizado do tribunal
- O título preferido do repertorio

Ditames adscritos a un relator ou relatores por nome

Se os ditames están adscritos a un relator ou relatores polo nome, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao relator (ou o relator mencionado en primeiro lugar)
- O título preferido dos ditames

100 1# \$aZiegler, Jean\$d(1934-).\$tLe droit à l'alimentation

[Informe do *Special Rapporteur on the Right to Food* das Nacións Unidas]

Referencias, compendios, etc.

Se a persoa responsable polas citacións, ou dixestos ou índices, dos ditames do tribunal menciónase de xeito prominente no recurso que se describe, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a esa persoa.
- O título preferido das citacións, etc.

En caso contrario, use o título preferido como o punto de acceso autorizado da obra.

Procesos e apelacións penais

Para os procesos e rexistros oficiais de xuízos penais, acusacións, cortes marciais, etc., e os procesos de apelacións neste tipo de casos, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a persoa ou entidade procesada.
- O título preferido dos procesos, etc.

Procesos e apelacións que involucran a máis dun demandado

Se máis dunha persoa ou entidade é procesada, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a primeira persoa demandada, etc., mencionada na fonte preferida de información.
- O título preferido dos procesos, etc.

Procesos e apelacións civís e outros non penais

Para os procesos e documentos oficiais de xuízos civís e outros non penais (incluíndo os casos electorais), e os procesos de apelacións de tales casos, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a Obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a persoa ou entidade que inicia o pleito.
- O título preferido dos procesos, etc.

Procesos iniciados por máis dunha persoa ou entidade

Se máis dunha persoa inicia un xuízo, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao primeiro demandante, etc., mencionado na fonte preferida de información.
- O título preferido dos procesos, etc.

Acusacións

Se máis dunha persoa ou entidade é procesada, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa á primeira persoa acusada, etc., mencionada na fonte preferida de información.
- O título preferido dos procesos, etc.

Instrucións a xurados

Para instrucións a un xurado, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao tribunal
- O título preferido das instrucións

Decisións xudiciais

Para unha sentenza ou outra decisión xudicial dun tribunal sobre un caso, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao tribunal
- O título preferido da decisión

Votos particulares

Para un voto particular, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a Obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao xuíz
- O título preferido para o voto

Alegación, defensa, etc.

Para unha alegación, defensa ou outro documento formal dunha parte nun caso, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a parte
- O título preferido da alegación.

Argumento da sala do tribunal

Para un argumento ante un tribunal por un avogado, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao avogado
- O título preferido do argumento, etc.

Compilacións de actas, etc.

Para unha compilación de procesos oficiais ou documentos dos xuízos, constrúa o punto de acceso autorizado usando para isto o título preferido da Obra. Siga as instrucións do apartado Rexistro do título preferido dunha Compilación de obras de diferentes axentes.

130 0# \$aProcesos célebres españoles

Variante de Título dunha Obra Xurídica

MARC21 de autoridade

400, 410 \$t (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da Obra

430 \$a(+ \$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da Obra

IRI

<http://rdaregistry.info/Elements/w/P10332>

IFLA LRM

<http://iflastandards.info/ns/lrm/lrmer/R13>

Rexistre unha variante de título cando é diferente do título rexistrado como o título preferido.

Redactaranse puntos de acceso variantes dos diferentes títulos cos que se coñece a lei antiga.

130 0# \$aLex Romana Visigothorum

430 0# \$aAuctoritas Alarici Regis

430 0# \$aBreviario de Alarico

430 0# \$aLey romana visigótica

Realizaranse puntos de acceso variantes dos diferentes títulos que tiveran un tratado, tanto se o punto de acceso autorizado é un axente xunto ao título preferido, como se é unicamente o título polo que é coñecido sen axente responsable.

130 0# \$aTratado constitutivo de la Comunidad Económica Europea

430 0# \$aRome Treaty\$d(1957)

430 0# \$aTratado CEE\$d(1957)

430 0# \$aTratado de Funcionamiento de la Unión Europea\$d(2007)

En obras facticias de leis faranse variantes de termos sinónimos ou análogos ao contido.

Data dunha Obra Xurídica

ELEMENTO NÚCLEO

MARC21 de autoridade

046 \$k

100, 110, 130 \$a \$d

A data da Obra é un elemento núcleo para identificar un tratado e unha lei. A data dunha Obra xurídica é a data máis antiga asociada cunha obra xurídica.

Rexistro dunha data dunha obra xurídica

Rexistre a data dunha Obra xurídica como un elemento separado, como parte dun punto de acceso, ou como ambos.

Data de promulgación dunha lei, etc.

ELEMENTO NÚCLEO

Rexistre o ano no que unha lei, etc., foi promulgada como parte do punto de acceso, aplicando as instrucións básicas sobre o rexistro da data dunha obra xurídica.

046 ## \$k 013

110 1# \$a España \$t Ley de cajas de ahorros y fundaciones bancarias, 2013

Data de firma dun tratado, protocolos, emendas, etc.

ELEMENTO NÚCLEO

A data dun tratado, etc., é a data máis antiga na que un tratado ou un protocolo dun tratado foi aceptado, aberto para asinar, asinado formalmente, ratificado e proclamado, etc.

Rexistre só o ano, se dispón dos datos.

046 ## \$k 1959

130 0# \$a Tratado antártico \$d(1959)

Para unha compilación de tratados, rexistre a data ou rango de datas dos tratados. Rexistre as datas do primeiro e último tratado seguindo as instrucións para rexistro de datas dun tratado individual, segundo sexa aplicable.

130 0# \$a Tratado de Utrech \$d(1713-1715)

Anos da firma dos tratados que comprenden o Tratado de Utrech: datas completas dos tratados primeiros e últimos non coñecidos

Obras Relixiosas

Título dunha Obra relixiosa

ELEMENTO NÚCLEO

MARC21 Bibliográfico

240 \$a (+\$n, \$p, \$k)

100, 600, 610, 700, 710 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da obra

130, 630, 730 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da obra.

MARC21 de autoridades

100, 110, 111 \$t (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da obra.

130 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da obra

Distínguense os seguintes elementos:

- Título Preferido dunha Obra relixiosa. **NÚCLEO**
- Variante de título dunha Obra relixiosa

Fontes de Información

Tome a información sobre o título ou títulos dunha Obra relixiosa de calquera fonte en lingua galega³¹, cando sexa posible.

Título Preferido dunha Obra relixiosa

ELEMENTO NÚCLEO

MARC21 de autoridades

100, 110, 111 \$t (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da obra.

130 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da obra

O título preferido dunha obra relixiosa é o título ou forma do título elixido para identificar a Obra. É tamén a base para o punto de acceso autorizado que representa esa obra.

31 No PerfilBNE "en calquera lingua española, cando sexa posible".

Fontes de información

Determine o título preferido dunha Obra relixiosa aplicando as instrucións dadas en Sagradas Escrituras, Libros apócrifos, Credos teolóxicos, confesións de fe, etc., e/ou Obras litúrxicas, para os tipos de obras relixiosas incluídas nesas instrucións, segundo corresponda. Para outros tipos de obras relixiosas, aplique as pautas xerais dadas en Título preferido da Obra.

Elección e rexistro do Título preferido dunha Obra relixiosa

Elixa o título preferido dunha Obra relixiosa, aplicando estas instrucións:

- Sagradas Escrituras
- Libros apócrifos
- Credos teolóxicos, confesións de fe, etc.
- Obras litúrxicas

Para outros tipos de obras relixiosas, aplique as pautas xerais de Obra **[Pautas xerais para elixir o título preferido]**.

Rexistre o título elixido como o título preferido dunha Obra relixiosa aplicando as instrucións básicas dadas en Título preferido da Obra.

Para partes de escrituras sagradas individuais, rexistre o título preferido aplicando as instrucións correspondentes [Partes da Biblia]

Punto de acceso autorizado que representa unha parte ou partes dunha Obra relixiosa

MARC21 de autoridade

500, 510, 511, 530 \$0 [identificador]

500, 510, 511, 530 \$1 [IRI]

500, 510 \$a, b, c, d, f, g, m, n, p, q, r, t;

511 \$a, c, d, e, f, n, p, qu, s, t

530 \$a, d, f, k, m, n, p, r

[descrición estruturada]

MARC21 Bibliográfico

490 \$a [descrición non estruturada]

490 \$x, 700, 710, 711, 730 \$0, \$x, 773 \$o, \$r, \$u, \$w, \$x, \$y [identificador]

700, 710, 711, 730 \$1 [IRI]

700 \$a, b, c, d, f, g, k, l, n, p, q, t, u ;

710 \$a, b, c, d, f, g, k, l, n, p, t ;

711 \$a, c, d, e, f, g, k, l, n, p, q, t, u ;

730 \$a, d, f, g, n, p, r, t ;

773 \$a, g, m, n, p, s, t [descripción estruturada]

IRI

<http://rdaregistry.info/Elements/w/P10019>

IFLA LRM

<http://iflastandards.info/ns/lrm/lrmer/R18i>

Sagradas Escrituras

Elixa como título preferido dunha escritura sagrada o título dunha fonte de referencia que trata do grupo ou grupos relixiosos aos cales pertence a escritura. A fonte de referencia deberá estar en galego³². Se non estivera dispoñible esa fonte, use as fontes de referencia xerais.

Constrúa o punto de acceso autorizado que represente a Obra utilizando o título preferido da Obra:

130 0# \$aBiblia

130 0# \$aCorán

Excepción

Nalgúns casos, as fontes de referencia que tratan sobre o grupo relixioso ao que pertence a obra sagrada (por exemplo, obras sobre a fe Baha'í) atribúen unha obra aceptada como escritura sagrada a unha persoa individual. Cando ocorra isto, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a Obra combinando:

- *O punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable da creación da Obra.*
- *Título preferido da Obra.*

Harmonías de pasaxes bíblicos

Para unha harmonía de diferentes pasaxes bíblicos, utilice o punto de acceso autorizado que representa eses pasaxes de xeito colectivo.

Para harmonías acompañadas de comentarios, o punto de acceso autorizado que representa a nova Obra constrúese combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable dos comentarios, etc.
- O título preferido dos comentarios

Se hai máis dun axente responsable da nova Obra, aplique o indicado nos apartados Obras en colaboración e Compilacións de obras de distintos Axentes, segundo sexa aplicable.

32 PerfilBNE: "en español".

Cando a obra se presente como unha mera expresión da obra anterior con anotacións, non a considere unha nova obra. Utilice o punto de acceso autorizado da obra anterior.

Libros apócrifos

Un libro apócrifo é un libro que non está incluído no canon católico nin nos *Protestant Apocrypha*. Elixo como título preferido dun libro apócrifo o título comunmente atopado nas fontes nunha lingua e escritura preferidas pola axencia que crea os datos.

130 0# \$aApocalipsis de Daniel

130 0# \$aPrimer Libro de Adán y Eva

LISTA DOS APÓCRIFOS DO ANTIGO TESTAMENTO³³

- PRIMEIRO LIBRO DE ADÁN E EVA
- SEGUNDO LIBRO DE ADÁN E EVA
- TESTAMENTO DE ADÁN
- LIBRO DOS XUBILEUS
- ASUNCIÓN DE MOISÉS
- PRIMEIRO LIBRO DE ENOC
- SEGUNDO LIBRO DE ENOC
- TERCEIRO LIBRO DE ENOC
- MARTIRIO DE ISAÍAS
- SALMOS DE SALOMÓN
- SAMUEL APÓCRIFO
- TESTO DOS DOCE PATRIARCAS
- ORÁCULOS SIBILINOS
- XÉNESES APÓCRIFO
- TESTAMENTO DE ABRAHAM
- CARTA DE ARISTEAS
- ASCENSIÓN DE ISAÍAS
- AS ODAS DE SALOMÓN
- LIBRO DE NOÉ
- CARTA DE JEREMÍAS

33 No orixinal "en español"

LIBROS DEUTEROCANÓNICOS CONSIDERADOS APÓCRIFOS PARA XUDEUS

- Adicións en Daniel (ou, en particular, os episodios de *A Oración de Azarías* e o *Cántico dos Tres Mozos*, a *Historia de Susana* e *Bel e o dragón*)
- Adicións en Ester
- Baruc
- Eclesiástico ou Sirácida ou Ben Sirá
- Libro de Judit
- Primeiro Libro dos Macabeos ou I Macabeos
- Segundo Libro dos Macabeos ou II Macabeos
- Libro de Tobías
- Sabedoría
- Catolicismo ortodoxo e ortodoxia oriental

NA IGREXA CATÓLICA ORTODOXA E NA ORTODOXIA ORIENTAL, ADEMAIS DOS LIBROS CITADOS

- I Esdras, coñecido como III Esdras na tradución Vulgata da Biblia.
- II Esdras, coñecido como IV Esdras na tradución Vulgata da Biblia. Tamén se lle chama III Esdras na Igrexa Ortodoxa Eslava, xa que II Esdras é Esdras e Nehemías xuntos (como aínda se presentan no xudaísmo rabínico e caraíta).
- III Macabeos.
- IV Macabeos.
- Libro das Odas, colección de cánticos e oracións, entre as que destaca a Oración de Manasés.
- Salmo 151
- Salmos 152-155
- 1 Baruc, 2 Baruc, 3 Baruc e 4 Baruc

APOCALIPSE APÓCRIFOS DO ANTIGO TESTAMENTO

- Apocalipse de Adán
- Apocalipse de Abraham
- Apocalipse de Moisés
- Apocalipse de Elías
- Apocalipse de Daniel
- Apocalipse siríaco de Daniel
- Apocalipse grega de Daniel
- Apocalipse siríaco de Baruc
- Apocalipse grega de Baruc

- Apocalipse de Zorobabel
- Apocalipse de Esdras
- Apocalipse de Sadrac
- Apocalipse de Sofonías
- Revelación de Gabriel
- Apocalipse arameo
- Apocalipse de Lamec
- Testamento de Ezequías ou Apocalipse de Ezequías

Para compilacións de libros apócrifos, aplique as instrucións dadas en Rexistro do título preferido dunha ou varias partes dunha obra, compilacións de obras e obras en colaboración.

Credos teolóxicos, confesións de fe, etc.

Para un credo teolóxico, confesión de fe, etc., aceptado por unha ou máis denominacións relixiosas, elixa como título preferido un título ben establecido en español. Se non existe tal título, utilice un título na lingua orixinal.

130 0# \$aConfesión de Augsburgo

130 0# \$aWestminster Confession of Faith

Obras litúrxicas

Son obras litúrxicas:

- Obras textuais e/ou musicais sancionadas oficialmente ou aceptadas tradicionalmente para observación relixiosa.
- Libros de oracións obrigatorias para ser ofrecidos en tempos establecidos.
- Calendarios e manuais de interpretación de observancias relixiosas.
- Compilacións de lecturas das sagradas escrituras ao uso do servizo relixioso.

Obras litúrxicas da Igrexa Católica

Como norma xeral, utilice [*IFLA List of uniform titles for liturgical works of the latin rites of the Catholic Church, 1981*](#)³⁴ para establecer o título preferido dunha obra litúrxica católica. En caso de non estar contemplado en dita fonte, utilice un título aceptado en galego³⁵.

Constrúa o punto de acceso autorizado que representa a Obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a igrexa ou entidade equivalente á que pertence.
- O título preferido da obra litúrxica

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso se se consideran importantes para a identificación.

³⁴ Non se acepta directriz RDA que acepta o nome na lingua do centro catalogador

³⁵ No orixinal "en español"

110 1# \$algrexa Católica. \$tDiurnale

Aplique as pautas e instrucións xerais da obra [Pautas xerais para elixir o título preferido] segundo sexa aplicable, para as categorías seguintes, xa que non se consideran obras litúrxicas:

- Obras destinadas a devocións privadas (diferentes do “libro das horas”).
- Compilacións de himnos.
- Propostas de ordes para o culto non aprobadas oficialmente.
- Manuais non oficiais.
- Programas de servizos relixiosos.
- Leccionarios sen textos das escrituras.

EXCEPCIÓNS

Obras litúrxicas católicas antigas. Se unha obra litúrxica católica antiga compilada antes do Concilio de Trento (1545-1563) ten unha estreita correspondencia cunha obra tridentina, utilice o termo tridentino.

110 1# \$algrexa Católica. \$tMissale

[Recurso descrito: Missale ad vsum insignis Ecclesie Sarum, 1527]

Se a obra litúrxica non ten unha estreita correspondencia cunha obra tridentina, ou existe algunha dúbida ao respecto, utilice o título mediante o cal se identifica a Obra nas fontes de referencia.

110 1# \$algrexa Católica. \$tOrdo Romanus primus

[Recurso descrito: Ordo Romanus primus. Unha obra anterior. Diferente da obra posterior Ordo divini officii]

Os casos máis frecuentes³⁶ de libros litúrxicos anteriores ao Concilio de Trento son os seguintes:

- | | |
|---------------------------|-----------------------|
| ▪ Antiphonale | ▪ Kyriale |
| ▪ Benedictionale | ▪ Lectionarium |
| ▪ Breviarium | ▪ Lectionarium plenum |
| ▪ Cantatorium | ▪ Legendarium |
| ▪ Capitulare Evangeliorum | ▪ Liber ordinaries |
| ▪ Collectarium | ▪ Missale |
| ▪ Diurnale | ▪ Missale festivum |
| ▪ Epistolarium | ▪ Nocturnale |
| ▪ Evangeliarum | ▪ Officium capituli |
| ▪ Graduale | ▪ Ordinarium missae |
| ▪ Horae B.M.V. | ▪ Ordines romani |
| ▪ Hymnarium | ▪ Passionale |
| ▪ Kalendarium | ▪ Pontificale |

36 RCE 16.8.2

- Processionale
- Psalterium
- Responsoriale
- Rituale
- Sacramentarium
- Tonale
- Troparium

Obras litúrxicas católicas recentes. Os títulos dos textos tridentinos non son aplicables a aqueles textos posteriores ao Concilio Vaticano II, que varían en lingua e contido. En caso de que se producira un cambio en lingua e contido, rexistre o título propio da manifestación. Cando existan tales variantes, utilice como título preferido o título individual do recurso que se describe.

130 0# \$aThe liturgy of the hours for the Order of the Holy Cross

[Recurso descrito: *The liturgy of the hours for the Order of the Holy Cross*. -- Onamia, Minnesota : Crosier Monastery, 1982]

Obras litúrxicas xudías

Para unha obra litúrxica xudía, elixa o título que se atopa na [Encyclopaedia Judaica](#) como título preferido.

130 0# \$aAmidah

130 0# \$aHaggadah

130 0# \$aMahzor

**Para obras litúrxicas en xeral:*

Se non hai un título ben establecido en galego³⁷ ou o nome preferido da entidade corporativa non está nesta lingua, elixa un título breve na lingua da liturxia.

110 1# \$algrexa Ortodoxa. \$tEuchologion

[Recurso descrito: *Euchologion to mega periechon tas tō epta mystēriōn akolouthias*]

110 1# \$aSvenska kyrkan. \$tHandbok

[Recurso descrito: *Den svenska kirkohandboken*]

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso, se se consideran importantes para a identificación.

Obras litúrxicas da Igrexa Ortodoxa Oriental

Se a obra litúrxica foi publicada para o uso dunha Igrexa Ortodoxa nacional ou outro corpo autocéfalo dentro da Igrexa Ortodoxa Oriental e a obra está na lingua orixinal da liturxia, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a igrexa ou entidade equivalente á que pertence.

³⁷ No PerfilBNE: en castelán.

- O título preferido da obra litúrxica

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso se se consideran importantes para a identificación.

110 1# \$alglesia Ortodoxa Serbia.\$t Sveta Liturgija Svetog Jovana Zlatoustog

[Recurso descrito: Божественной Литургии Святого Иоанна Златоустого -Divina Liturgia de San Juan Crisóstomo-]

Para calquera outra obra litúrxica Ortodoxa, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a igrexa como un todo.
- O título preferido da obra litúrxica.

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso, se se consideran importantes para a identificación.

110 1# \$algrexa Ortodoxa. \$tEuchologion

Partes da Biblia

Parte ou partes dunha Sagrada Escritura

Constrúa o punto de acceso autorizado que represente unha parte ou partes dunha Sagrada Escritura usando o título preferido da parte ou partes.

EXCEPCIÓN

Nos casos nos que o punto de acceso autorizado que representa a escritura como un todo construíuse utilizando o punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable da creación da obra seguido polo título preferido da obra, constrúa o punto de acceso autorizado que represente unha parte ou partes da obra combinando:

- *O punto de acceso autorizado que represente a persoa responsable da creación da obra.*
- *O título preferido da obra como un todo.*
- *O título preferido da parte ou partes.*

APLIQUE A ALTERNATIVA

Cando identifique dúas ou máis partes dunha obra non numeradas ou numeradas non consecutivamente, identifique as partes en forma colectiva. Constrúa o punto de acceso autorizado que representa as partes combinando:

- *O punto de acceso autorizado que representa a obra como un todo.*
- *O termo Seleccións a continuación do título preferido da obra como un todo.*

Para o Antigo Testamento, rexistre **Antigo Testamento** como unha subdivisión do título preferido da Biblia.

Para o Novo Testamento rexistre **Novo Testamento** como unha subdivisión do título preferido da Biblia.

Rexistre a forma abreviada A.T. e N.T. respectivamente como punto de acceso variante seguindo as pautas correspondentes.

Para un libro do canon católico rexistre o título preferido segundo a seguinte lista. Rexistre o título como unha subdivisión do título preferido da Biblia:

Para as partes correspondentes da Biblia ou para coleccións de libros bíblicos³⁸

- Biblia. Pentateuco
 - *(para o Xénese, Éxodo, Levítico, Números e Deuteronomio)*
- Biblia. Libros históricos
 - *(para Xosué, Xuíces, Rut, Reis, Crónicas, Esdras, Tobías, Xudit, Ester e Macabeos)*

³⁸ Listado de formas que vale tanto para o bibliográfico como para o rexistro de autoridades. Supoño que o fai porque o campo 130 leva os indicadores de xeito diferente nos dous tipos de rexistro (0# Bibliográfico / #0 no de Autoridades). Todos os exemplos son do bibliográfico, porén.

- Biblia. Libros sapienciales
 - *(para Xob, Salmos, Proverbios, Eclesiastés, Cantar dos Cantares, Sabedoría, Eclesiástico)*
- Biblia. Libros proféticos
 - *(para os profetas maiores e menores, é dicir, inclúe ambos)*
- Biblia. Evanxeos,
 - *(para os Evanxeos segundo Mateo, segundo Marcos, segundo Lucas e segundo Xoán)*
- Biblia. Epístolas
 - *(para as epístolas de San Pablo e as católicas)*
- Biblia. Reis
 - *(para Reis I, Reis II, Reis III e Reis IV)*
- Biblia. Crónicas
 - *(para Crónicas I e Crónicas II)*
- Biblia. Esdras
 - *(para Esdras I e Esdras II)*
- Biblia. Macabeos
 - *(para Macabeos I e Macabeos II)*
- Biblia. Profetas maiores
 - *(para Isaías, Xeremías, Lamentacións, Baruch, Ezequiel e Daniel)*
- Biblia. Profetas menores
 - *(para Oseas, Xoel, Amós, Abdías, Jonás, Miqueas Nahum, Habacuc, Sofonías, Axeo, Zacarías e Malaquías)*
- Biblia. Epístolas de Pablo
 - *(para as epístolas paulinas)*
- Biblia. Epístolas aos Corintios
 - *(para Corintios I e Corintios II)*
- Biblia. Epístolas aos Tesalonicenses
 - *(para Tesalonicenses I e Tesalonicenses II)*
- Biblia. Epístolas pastorais
 - *(para as Epístolas a Timoteo e a Tito)*
- Biblia. Epístolas a Timoteo
 - *(para Timoteo I e Timoteo II)*
- Biblia. Epístolas católicas
 - *(para as Epístolas de Santiago, Pedro, Xoán e Xudas)*
- Biblia. Epístolas de Pedro
 - *(para Pedro I e Pedro II)*
- Biblia. Epístolas de Xoán

- *(para Xoán I, Xoán II e Xoán III)*

Para edicións dun só libro

Rexistre a parte da obra directamente dependente do título xeral sen indicar Antigo ou Novo Testamento. Rexistre esta forma como punto de acceso variante, seguindo as instrucións correspondentes:

1. Antigo Testamento

- Biblia. Xénese
- Biblia. Éxodo
- Biblia. Levítico
- Biblia. Números
- Biblia. Deuteronomio
- Biblia. Xosué
- Biblia. Xuíces
- Biblia. Rut
- Biblia. Reis I
- Biblia. Reis II
- Biblia. Reis III
- Biblia. Reis IV
- Biblia. Crónicas I
- Biblia. Crónicas II
- Biblia. Esdras I
- Biblia. Esdras II
- Biblia. Tobías
- Biblia. Xudit
- Biblia. Ester
- Biblia. Macabeos I
- Biblia. Macabeos II
- Biblia. Xob
- Biblia. Salmos
- Biblia. Proverbios
- Biblia. Eclesiastés
- Biblia. Cantar dos cantares
- Biblia. Sabedoría
- Biblia. Eclesiástico
- Biblia. Isaías
- Biblia. Jeremías
- Biblia. Lamentacións
- Biblia. Baruch

- Biblia. Ezequiel
- Biblia. Daniel
- Biblia. Oseas
- Biblia. Xoel
- Biblia. Amós
- Biblia. Abdías
- Biblia. Xonás
- Biblia. Miqueas
- Biblia. Nahum
- Biblia. Habacuc
- Biblia. Sofonías
- Biblia. Axeo
- Biblia. Zacarías
- Biblia. Malaquías

2. Novo Testamento

- Biblia. Evanxeo segundo Mateo
- Biblia. Evanxeo segundo Marcos
- Biblia. Evanxeo segundo Lucas
- Biblia. Evanxeo segundo Juan
- Biblia. Feitos dos Apóstolos
- Biblia. Romanos
- Biblia. Corintios I
- Biblia. Corintios II
- Biblia. Gálatas
- Biblia. Efesios
- Biblia. Filipenses
- Biblia. Colosenses
- Biblia. Tesalonicenses I
- Biblia. Tesalonicenses II
- Biblia. Timoteo I
- Biblia. Timoteo II
- Biblia. Tito
- Biblia. Filemón
- Biblia. Hebreos
- Biblia. Santiago

- Biblia. Pedro I
- Biblia. Pedro II
- Biblia. Xoán I
- Biblia. Xoán II
- Biblia. Xoán III
- Biblia. Xudas
- Biblia. Apocalipse

Para un libro do **canon protestante** rexistre o título preferido tendo en conta o seguinte:

- a) Biblia. Apócrifos
 - *(para os libros chamados deuterocanónicos no canon católico – Tobías, Xudit, Sabedoría, Eclesiástico, Baruch, Macabeos –, as partes deuterocanónicas de Ester e Daniel – historia de Susana, Cántico dos tres mozos, Bel e o dragón – e os libros apócrifos III e IV de Esdras e a Oración de Manases)*
 - *Para as edicións de cada un destes libros utilizarase o mesmo título uniforme seguido do título do libro de que se trate.*

Biblia. Apócrifos. Tobías

- b) Biblia. Haxiógrafos
 - *(para Salmos, Proverbios, Xob, Cantar dos cantares, Rut, Lamentacións, Eclesiastés, Ester, Daniel, Esdras, Crónicas)*
 - *Para as edicións de cada un destes libros utilizarase o mesmo título uniforme seguido do título do libro do que se trate*
- c) Biblia. Nehemías
 - *(para Esdras II)*
 - *para as edicións de cada un destes libros utilizarase o mesmo título uniforme seguido do título do libro do que se trate.*

Para un libro do **canon hebreo** rexistre o título preferido tendo en conta o seguinte:

- a) Biblia. Haxiógrafos
 - *(para os mesmos libros que no canon protestante)*
- b) Biblia. Profetas
 - *(para Xosué, Xuíces, Reis, Isaías, Xeremías, Ezequiel, profetas menores)*
- c) Biblia. Reis I
 - *(para Reis III)*
- d) Biblia. Reis II
 - *(para Reis IV)*
- e) Biblia. Esdras
 - *(para Esdras I)*
- f) Biblia. Nehemías
 - *(para Esdras II)*

Se unha selección individual dun libro da Biblia é identificada comunmente polo seu título en fontes de referencia nunha lingua preferida pola axencia que crea os datos (antes de que a súa designación como parte da Biblia), rexistre ese título directamente como o título preferido.

130 0# \$aNosopai

En lugar de:

130 0# \$aBiblia. \$pEvanxeo segundo Mateo 6, 9-13

130 0# \$aBiblia. \$pEvanxeo segundo Lucas 11, 2-4

130 0# \$aDez Mandamentos

En lugar de:

130 0# \$aBiblia. \$pÉxodo 20, 2-17

130 0# \$aBiblia. \$pDeuteronomio 5, 6-21

Rexistre como unha variante de título o título preferido do libro seguido do capítulo e verso.

130 0# \$aDiez Mandamientos

430 0# \$aBiblia. \$pÉxodo 20, 2-17

430 0# \$aBiblia. \$pDeuteronomio 5, 6-21

APLIQUE A ALTERNATIVA

Se o recurso que se describe é parte dun libro e non é unha selección individual identificada polo seu propio título, agregue o capítulo e o versículo na forma preferida da axencia que crea os datos.

Use numeración inclusiva se fose necesario. Use puntuación para separar o nome do libro, o número do capítulo e o versículo ou versículos tal e como se da no exemplo:

130 0# \$aBiblia. \$pEvanxeo segundo Xoán \$n1, 1-14

Se o recurso descrito consiste en dous ou máis seleccións (incluíndo os libros completos) e as seleccións están cubertas precisamente por dous títulos preferidos de partes da Biblia, identifique cada unha das seleccións separadamente.

130 0# \$aBiblia. \$pEvanxeos

130 0# \$aBiblia. \$pFeitos

[Recurso descrito: Il Vangelo e gli Atti degli apostoli. Título preferido por unha axencia que usa a New International Bible]

Outras seleccións da Biblia

Aplique esta instrución a:

- Seleccións do Antigo e o Novo Testamento
- Seleccións dun testamento
- Seleccións dun libro individual
- Extractos dunha selección dun libro individual.
- Seleccións dun grupo de libros

Non aplique esta instrución a unha selección de parte dun libro individual identificado por unha designación numérica. Neste caso, agregue o capítulo en números romanos e o versículo en números arábigos.

130 0# \$aBiblia. \$pEclesiastés. \$nIII, 1-8

Rexistre o título máis específico que sexa apropiado para as seleccións, seguido do título colectivo convencional **"Seleccións"**.

Rexistre o título específico da parte ou partes aplicando estas instrucións, segundo sexa aplicable:

- Testamentos
- Libros
- Grupos de libros
- Selección particular dun libro individual
- Dúas ou máis seleccións completas da Biblia

130 0# \$aBiblia.\$pNovo Testamento.\$kSeleccións

[Recurso descrito: The records and letters of the apostolic age : the New Testament Acts, Epistles, and Revelation in the version of 1881 / arranged for historical study by Ernest De Witt Burton]

130 0# \$aBiblia.\$pEvanxeos.\$kSeleccións

[Recurso descrito: The message of Jesus Christ : the tradition of the early Christian communities / restored and translated into German by Martin Dibelius ; translated into English by Frederick C. Grant. Título preferido rexistrado por unha axencia que usa a Versión Autorizada de la Biblia]

Se non existe título específico da parte ou non se corresponde con un en concreto, rexistre **Biblia**, seguido do título colectivo convencional **Seleccións**.

130 0# \$aBiblia. \$kSeleccións

[Recurso descrito: Memorable passages from the Bible (Authorized Version) / selected and edited by Fred Newton Scott]

Partes do Talmud

Rexistre a forma do título atopada en [Encyclopaedia Judaica](#) para unha orde particular (seder) ou un libro ou tratado (masekhet) do Talmud. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido do Talmud ou do Talmud de Xerusalén, segundo sexa apropiado.

130 0# \$aTalmud.\$pChagigah

Recurso descrito: A translation of the treatise Chagigah from the Babylonian Talmud / with introduction, notes, glossary, and indices by A.W. Streane

130 0# \$aTalmud de Xerusalén.\$pBava me'zia

Recurso descrito: Masekhet Bava metsi'a min Talmud Yerushalmi : 'im perush Netivot Yerushalayim / ħubar me-iti Yiśra'el Ḥayim Daikhes

Para edicións do Talmud deses tratados menores publicadas separadamente, rexistre **Tratados menores** como unha subdivisión do título preferido do Talmud.

130 0# \$aTalmud.\$pTratados menores

Recurso descrito: Sheva ' masekhtot ketanot / huts ' u ' a.y. Mikha ; el Higer

Se o recurso consiste nun tratado individual, rexistre o título do tratado como unha subdivisión adicional.

130 0# \$aTalmud.\$pTratados menores.\$pSemaḥot

[Recurso descrito: Der talmudische Tractat Ebel rabbathi, oder, S'machoth : nach Handschriften und Parallelstellen / bearbeitet, übersetzt und mit erläuternden Anmerkungen versehen von Moritz Klotz]

Seleccións do Talmud

Se o recurso descrito consiste en seleccións, utilice o título preferido do Talmud, seguido do título colectivo convencional **Seleccións**.

130 0# \$aTalmud.\$kSeleccións

[Recurso descrito: The Babylonian Talmud in selection / edited and translated from the original Hebrew and Aramaic by Leo Auerbach]

130 0# \$aTalmud de Xerusalén.\$kSeleccións

[Recurso descrito: Der Jerusalemer Talmud : sieben ausgewählte Kapitel / übersetzt, kommentiert und eingeleitet von Hans-Jürgen Becker]

Partes do Mishnah e do Tosefta

Rexistre a forma do título que se atopa na [Encyclopaedia Judaica](#) para unha orde o tratado determinados do Mishnah ou Tosefta. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido do Mishnah ou Tosefta segundo sexa apropiado.

130 0# \$aMishnah.\$pAvot

[Recurso descrito: Pirke Aboth = Sayings of the Fathers / edited, with translations and commentaries, by Isaac Unterman]

Midrashim

Para un midrash anónimo, rexistre a forma do título atopado na [Encyclopaedia Judaica](#) como a forma preferida do título.

130 0# \$aMekhilta

130 0# \$aTanna de-vei Eliyahu

Rexistre *Midrash ha-gadol*, *Midrash rabban*, ou *Sifrei* como os títulos preferidos deses midrashim. Para outras compilacións de midrashim, aplique as instrucións dadas en Dúas partes ou máis do Título preferido da Obra.

Para un compoñente publicado separadamente do *Midrash ha-gadol*, *Midrash rabbah*, ou *Sifre*, rexistre o nome do libro da Biblia co que se relaciona. Rexistre o nome do libro da Biblia como unha subdivisión do título preferido do midrashim.

130 0# \$aMidrash ha-gadol.\$pNúmeros

Título preferido do libro rexistrado por unha axencia que usa a Versión Autorizada da Biblia

130 0# \$aMidrash rabbah.\$pRut

Título preferido do libro rexistrado por unha axencia que usa a Nova Biblia Internacional

130 0# \$aSifre.\$pDeuteronomio

Título preferido do libro rexistrado por unha axencia que usa a Biblia Douai

Partes das escrituras budistas

Rexistre o título dunha división compoñente do canon Pali (Abhidhammapitaka, Suttapitaka, Vinayapitaka) como unha subdivisión do título preferido do Tipitaka.

130 0# \$aTipiṭaka.\$pAbhidhammapiṭaka

Para unha parte destas divisións compoñentes publicada en forma separada, rexistre o título da parte. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido do Pitaka ou da división apropiada.

130 0# \$aTipiṭaka.\$pAbhidhammapiṭaka.\$pDhātukathā

130 0# \$aTipiṭaka.\$pSuttapiṭaka.\$pKhuddakanikāya.\$pJātaka

130 0# \$aTipiṭaka.\$pVinayapiṭaka.\$pKhandhaka.\$pCullavagga

Rexistre o título dunha división compoñente do canon sánscrito (Abhidhammapitaka, Suttapitaka, Vinayapitaka) como unha subdivisión do título preferido do Tripitaka.

130 0# \$aTripiṭaka. Abhidharmapiṭaka

Para unha parte destas divisións compoñentes publicada en forma separada, rexistre o título da parte. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido do Pitaka apropiado ou da división apropiada.

130 0# \$aTripiṭaka.\$pSūtrapiṭaka.\$pTantra

130 0# \$aTripiṭaka.\$pVinayapiṭaka.\$pPratimokṣasūtra

Partes dos vedas

Para unha das catro compilacións estándar dos Vedas (Atharvaveda, Ṛgveda, Sāmaveda, Yajurveda), rexistre o título da compilación. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido dos Vedas.

130 0# \$aVedas.\$pAtharvaveda

130 0# \$aVedas.\$pSāmaveda

Partes do Araniakas, Bráhmaṇas e Upanishads

Para unha parte dos Araniakas, Bráhmaṇas e Upanishads, rexistre o título da parte. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido da compilación maior apropiada.

130 0# \$aAranyakas.\$pAitareyāranyaka

130 0# \$aBrahmanas.\$pGopathabrāhmaṇa

130 0# \$aUpanishads.\$pChāndogyopaniṣad

Partes dos Jaina Āgama

Para unha das seis compilacións compoñentes do canon Xainista (Anga, Upāṅga, Prakīrṇaka, Cheda, Mūla, e Cūlikā), rexistre o título do compoñente. Rexístreo como unha subdivisión do título preferido dos *Jaina Āgama*.

130 0# \$aJaina Āgama.\$pAṅga

Para unha parte con título separado dunha compilación compoñente, rexistre o título preferido como unha subdivisión do título preferido da compilación compoñente.

130 0# \$aJaina Āgama.\$pAṅga.\$pĀcārāṅga

Partes do Avesta

Para unha parte compoñente principal ou un grupo de partes do Avesta, rexistre o título mediante o que se identifica. Rexistre o título da parte ou partes como unha subdivisión do título preferido do Avesta. Rexistre o título na lingua preferida pola axencia que crea os datos.

130 0# \$aAvesta.\$pYasna

130 0# \$aAvesta.\$pKhordah Avesta

Para unha parte que ten título individual dun dos compoñentes principais, rexistre o título da parte como unha subdivisión do título preferido do compoñente principal.

130 0# \$aAvesta.\$pYasna.\$pGathas

Partes do Corán

Para un capítulo (sura), para unha das trinta partes (juz³⁹) ou para un grupo mencionado de seleccións do Corán, rexistre o título do capítulo, etc. Rexístreo como unha subdivisión do título preferido do Corán. Preceda o título dun capítulo con *Sura*. Preceda o título dunha parte con *Juz*.

130 0# \$aCorán.\$pSura al-Baqarah

130 0# \$aCorán.\$pJuz 'Ammā

130 0# \$aCorán.\$pMu'awwidhatān

Rexistre unha forma do título utilizando *Sura* ou *Juz* seguida do número ou números romanos como unha variante do título.

Rexistre o título dunha agrupación establecida de seleccións como unha variante do título.

Para unha *aleia*⁴⁰ (versículo) dun capítulo, agregue o número da *aleia* a continuación do título da sura. Use unha coma para separar o título e o nome.

130 0# \$aCorán.\$pSura al-Baqarah,\$n255

³⁹Ĵuz'

⁴⁰'āyah

Rexistre como variantes do título o título da *aleia* e o título da *aleia* como unha subdivisión do título preferido do Corán.

430 0# \$aSura al-Baqarah
430⁴¹ 0# \$aCorán.\$pSura al-Baqarah

Partes doutras Sagradas Escrituras

Para unha parte dunha escritura sagrada non incluída nos apartados anteriores, rexistre o título da parte. Rexístrea como unha subdivisión do título preferido da escritura como un todo.

130 0# \$aBook of Mormon.\$pJacob
130 0# \$aDasweñ Pādshāh kā Granth.\$pCaubīsa avatāra

Para unha parte cun título particular dun dos compoñentes principais, rexistre o título da parte como unha subdivisión do título preferido do compoñente principal.

130 0# \$aDasweñ Pādshāh kā Granth.\$pCaubīsa avatāra.\$pKṛshṇāvatāra

Se unha selección individual se identifica comunmente polo seu propio título máis que pola súa designación como parte da escritura sagrada maior, rexistre ese título directamente. Cre un punto de acceso variante coa outra forma.

130 0# \$aAllegory of Zenos
430 0# \$aBook of Mormon.\$pJacob, V

e NON
130 0# \$aBook of Mormon.\$pJacob, V

Parte ou partes dunha obra litúrxicas

Para unha parte ou partes dunha obra litúrxica que pertenza a unha ou máis dos seguintes:

- Textos e/ou música sancionados oficialmente ou aceptados tradicionalmente para observancia relixiosa.
- Libros de oracións obrigatorias para ser ofrecidos en tempos establecidos (incluíndo a Liturxia das horas, o Divino oficio, etc.)
- Calendarios e manuais de interpretación de observancias relixiosas.
- Compilacións de lecturas das sagradas escrituras destinadas ao uso do servizo relixioso.

Constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a igrexa ou entidade confesional á que pertence.
- O título preferido da parte

41 No PerfilBNE aquí hai un 130, pero creo que é un erro, e debe poñer 430 porque son as dúas variantes de título do exemplo anterior: **130 0# \$aCorán.\$pSura al-Baqarah,\$n255**

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso, se se consideran importantes para a identificación.

Se o recurso que se describe contén unha observancia litúrxica específica, un grupo de observancias ou un grupo doutros textos extraídos dunha obra litúrxica maior, rexistre un título ben establecido da observancia, etc., como o título preferido. Rexistre o título nunha lingua preferida da axencia que crea os datos. Se non existe tal título, rexistre un título breve na lingua da liturxia.

110 1# \$algrexa Ortodoxa.\$tLiturgia de San Xoán Crisóstomo (rito bizantino)

110 1# \$algrexa Católica.\$tOrdo paenitentiae

Variantes de título: Rexistre o título como unha subdivisión do título preferido da obra maior.

110 1# \$algrexa Católica.\$tBreviarum.\$pOfficium

Rexistre Oficio ou Misa, segundo sexa apropiado, seguido dunha breve identificación do día ou ocasión, como o título preferido dun Oficio ou o nome da Misa dun día determinado. Se o día é o día dun santo, agregue soamente o nome do santo na orde directa na lingua do nome preferido do santo. Utilice unha coma para separar o título e o nome do santo.

110 1# \$algrexa Católica.\$tOficio, Asunción da Virxe María

110 1# \$algrexa Católica.\$tMisa, Santa Teresa

Punto de acceso autorizado que representa unha variante ou un texto especial dunha Obra litúrxica

Se o recurso descrito contén unha variante autorizada ou tradicional, ou texto especial dunha obra litúrxica, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a Obra
- Un dos seguintes termos (nesta orde de preferencia)
 - O nome dun rito especial (por exemplo, un rito latino diferente ao romano para as obras católicas; un rito diferente ao rito askenazi non modificado para as obras xudías).
 - O nome do lugar (por exemplo, país, diocese) ou institución (por exemplo, mosteiros), no que a variante é autorizada ou tradicional; se fora necesario, agregue ambos elementos, coa institución precedendo ao lugar.

110 1# \$algrexa Católica.\$tBreviarium (Diocese de Xaén)

- O nome da orde relixiosa para a que a variante está autorizada ou é tradicional.

110 1# \$algrexa Católica.\$tMissale (Benedictinos)

Se as adicións enumeradas nesta instrución son insuficientes para identificar o texto variante, agregue un termo adicional (por exemplo, o nome do editor)

130 0# \$aHaggadah (Cantor)

[Recurso descrito: The egalitarian Hagada / by Aviva Cantor]

Para textos litúrxicos posteriores ao Vaticano II que varían en lingua e contido, utilice o título individual do recurso descrito como título preferido. Agregue un termo para distinguir entre diferentes textos que teñen o mesmo título.

110 1# \$algrexa Católica.\$tLiturgia das horas (Filipinas)

[Recurso descrito: *The liturgy of the hours.* -- Manila, Philippines : Missionary]

Punto de acceso autorizado que representa un manuscrito ou copia manuscrita

Constrúa o punto de acceso autorizado que representa un manuscrito en particular, ou unha reprodución dun manuscrito particular combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa a Obra
- O termo *Manuscrito*
- Un dos termos seguintes (nesta orde de preferencia)
 - calquera outro nome mediante o que se identifique o manuscrito

110 1# \$algrexa Católica.\$tMissale (Manuscrito Misal de Reims)

- unha forma acortada do nome dun propietario en particular, se é como se identifica o manuscrito.

110 1# \$algrexa Católica.\$tPsalterium (Manuscrito de Robert de Lisle)

- unha forma acortada do nome do repositorio seguida da designación do repositorio.

110 1# \$algrexa Católica.\$tMissale (Manuscrito Biblioteca Vaticana. Borgh. Cinese 409)

Variante de título dunha Obra relixiosa

ELEMENTO NÚCLEO

MARC21 de autoridade:

400, 410, 411 \$t (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da obra.

430 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da obra.

Rexistre unha variante do título da obra cando é diferente do título rexistrado como o título preferido

Puntos de acceso variantes

MARC21 de autoridade

400 \$a, b, c, d, f, g, m, n, p, q, r, t [descrición estruturada]

410 \$a, b, c, d, f, g, m, n, p, r, t [descrición estruturada]

411 \$a, c, d, e, f, n, p, q, s, t [descripción estruturada]

430 \$a, d, f, k, m, n, p, r [descripción estruturada]

IRI

<http://rdaregistry.info/Elements/w/P10332>

IFLA LRM

<http://iflstandards.info/ns/lrm/lrmer/R13>

Para a Biblia, faise referencia ás variantes de títulos dos libros baixo o título como un todo *Biblia*, e baixo o testamento correspondente, na súa forma desenvolvida e abreviada.

430 0# \$aBiblia.\$pAntigo Testamento.\$pXénese
430 0# \$aBiblia.\$pA. T.\$pXénese

Nos rexistros de autoridade de partes da Biblia cuxo punto de acceso autorizado é o título polo que se lle coñece, faranse as referencias de *Véxase* dos lugares bíblicos correspondentes.

130 0# \$aHaftarot
430 0# \$aBiblia.\$pAntigo Testamento.\$pHaftarot
430 0# \$aBiblia.\$pA.T.\$pProfetas.\$pHaftarot

Constrúa puntos de acceso de variantes adicionais, se se consideran importantes para o acceso.

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso variante se se consideran importantes para a identificación.

Comunicacións oficiais

Título dunha Comunicación oficial

ELEMENTO NÚCLEO

MARC21 de autoridade

100, 110, 130 \$a

Un título dunha comunicación oficial é unha palabra, carácter ou grupo de palabras e/ou caracteres mediante os que se coñece unha comunicación oficial.

Tipos de comunicacións oficiais:

- Comunicacións oficiais de entidades executivas de goberno, xefes de estado, xefes de goberno, xefes de organismos internacionais ou gobernadores de territorios dependentes e ocupados (por exemplo, unha mensaxe á lexislatura, unha proclamación, unha orde executiva diferente dunha incluída en Punto de acceso autorizado que representa una Obra xurídica: Título dunha Obra xurídica).
- Comunicacións oficiais dun Papa, patriarca, bispo, etc. (por exemplo, unha orde, decreto, carta pastoral, bula, encíclica, constitución, unha mensaxe oficial a un concilio, sínodo, etc.)

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso autorizado segundo sexa requirido.

Un axente pode crear ou contribuír a obras en función do seu cargo ou a nivel persoal. Para estas últimas, constrúa o punto de acceso autorizado aplicando as pautas e instrucións xerais = TÍTULO E PUNTO DE ACCESO DA OBRA

Distínguense os seguintes elementos:

- Título preferido dunha comunicación oficial. **NÚCLEO**
- Variante de Título dunha comunicación oficial

Título preferido dunha comunicación oficial

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21 de autoridade:

100, 110, 111 \$t (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da obra.

130 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da obra.

O título preferido dunha comunicación oficial é o título ou forma do título elixido para identificar a obra. É tamén a base para o punto de acceso autorizado que representa a obra.

Fontes de información

Determine o título preferido dunha comunicación oficial aplicando as instrucións dadas a continuación para os tipos de comunicacións incluídas nesas mesmas⁴². Para outros tipos de comunicacións oficiais, aplique as pautas xerais de Obra = Título preferido da Obra.

ELECCIÓN E REXISTRO DO TÍTULO PREFERIDO DUNHA COMUNICACIÓN OFICIAL

As declaracións, etc., acordados no seo de entidades internacionais.

110 2# \$aNacións Unidas \$bAsemblea Xeral.\$tDeclaración dos dereitos do neno

Elixa o título preferido dunha comunicación oficial aplicando as instrucións xerais de Obra = TÍTULO E PUNTO DE ACCESO DA OBRA.

EXCEPCIÓNS

- ➔ *Comunicacións Oficiais do Papa*
- ➔ *Comunicacións Oficiais da Curia Romana*

Comunicacións oficiais do Papa e da Curia Romana

É o caso dos documentos oficiais pontificios cunha tipoloxía precisa recollida nos manuais de *Diplomática Papal*⁴³. Son:

- *Bulas*
- *Cartas Apostólicas*
- *Breves*
- *Cartas Decretais*
- *Constitucións Apostólicas*
- *Motuproprios*
- *Cartas Encíclicas*
- *Exhortacións Apostólicas.*

Existe outra gama de documentos menos solemnes que tamén son oficiais e figuran na **Acta Apostolicae Sedis (AAS)**. Son, entre outros, os seguintes:

- *Mensaxes nos que o Papa se dirixe a toda a Igrexa e, en ocasións, ao mundo. É o caso das mensaxes pronunciadas nas Xornadas Mundiais que se celebran cada ano como a Xornada Mundial da Paz, Xornada Mundial das Migracións, Octavario de Oración pola Unidade dos cristiáns, Xornada da Infancia Misioneira, Xornada da Vida Consagrada, Xornada Mundial do Doente, Xornada de Vocacións Nativas, Xornada Mundial de Oración polas Vocacións.*
- *Mensaxes colectivos concretos de todo o mundo: anciáns, nenos, xoves, artistas, sacerdotes, bispos.*
- *Bendicións "Urbi et orbi" (significa "á cidade de Roma e ao mundo") son sempre oficiais xa que non van só a un lugar determinado senón ao mundo enteiro.*

⁴² En *PerfilBNE*: "...para los tipos de comunicaciones incluidas en esas las mismas."

⁴³ Unha clasificación esquemática e clara dos principais documentos pontificios podémola atopar en *Paleografía y diplomática / Tomás Marín Martínez (dir.). Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2007. P. 339-409*. Para un estudio profundo dos documentos pontificios v. *Thomas Frenz, I documenti pontifici nel Medioevo e nell'età moderna. Città del Vaticano: Scuola Vaticana di paleografia, diplomatica e archivística, 1989*.

- *Cartas do Papa dirixidas a personaxes relixiosos ou políticos, etc., que se fan públicas no AAS pois emanan da doutrina da Igrexa e afectan á Igrexa Universal. Son as máis problemáticas para decidir se o punto de acceso autorizado vai polo cargo ou polo nome do Papa. Se temos dúbida debemos comprobar se están publicadas no AAS.*
- *Discursos dirixidos á Igrexa universal entre os que se atopan os dirixidos a colectivos do todo o mundo como sucede nos discursos pronunciados polo Romano Pontífice nas Xornadas Mundiais da Xuventude.*

Non se consideran escritos oficiais, xa que non van dirixidos á Igrexa Universal senón a unha rexión concreta, parroquia, etc.:

- *Angelus dos domingos.*
- *Catequese impartida nas Audiencias xerais dos mércores.*
- *Alocucións non dirixidas á Igrexa universal.*
- *Discursos dirixidos aos bispos dun país que van a visitar ao Papa a Roma nas chamadas visitas "Ad limina".*
- *Discursos pronunciados nas viaxes pastorais do Papa a países concretos.*
- *Homilías*
- *Radiomensaxes*
- *Escritos ou normas para a Curia ou a Diócese de Roma porque non afectan á Igrexa Universal, senón á Diócese de Roma da que o Papa é o seu bispo.*

Tamén entran nesta categoría as obras nas que voluntariamente o Romano Pontífice renuncia a falar como Papa e diríxese ao lector a título particular. Trátase dunha gama moi ampla de publicacións como estudos de teoloxía, poesías, oracións, notas privadas..., e, finalmente, todas as obras publicadas antes de ser nomeado Papa.

110 1# \$algrexa Católica.\$bPapa (2013- : Francisco).\$tFratelli Tutti

[Carta encíclica sobre a fraternidade e a amizade social]

Para unha comunicación oficial que pertenza a unha das categorías enumeradas anteriormente, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra combinando:

- *O punto de acceso autorizado que representa ao axente.*
- *Título preferido da Obra*

Se non ten título coñecido, créao indicando o tipo de documento e a data de promulgación do mesmo:

110 1⁴⁴# \$algrexa Católica.\$bPapa (1623-1644): Urbano VIII).\$tBula, 1623-02-23

44 En PerfilBNE o primeiro indicador é un 2, pero este é para un nome directo e o exemplo leva a xurisdición no \$a

Variante de Título dunha comunicación oficial

ELEMENTO NÚCLEO

MARC21 de autoridade:

400, 410, 411 \$t (+\$n, \$p, \$k): cando hai un axente responsable da creación da obra.

430 \$a (+\$n, \$p, \$k): cando non hai un axente responsable da creación da obra.

Rexistre unha variante de título da obra cando é diferente do título rexistrado como o título preferido

Puntos de Acceso Variantes

MARC21 de autoridades

400 \$a, b, c, d, f, g, m, n, p, q, r, t [descrición estruturada]

410 \$a, b, c, d, f, g, m, n, p, r, t [descrición estruturada]

411 \$a, c, d, e, f, n, p, q, s, t [descrición estruturada]

430 \$a, d, f, k, m, n, p, r [descrición estruturada]

IRI

<http://rdaregistry.info/Elements/w/P10332>

IFLA LRM

<http://iflastandards.info/ns/lrm/lrmer/R13>

Constrúa puntos de acceso de variantes adicionais se se consideran importantes para o acceso.

Inclúa elementos adicionais no punto de acceso variante se se consideran importantes para a identificación.

RELACIONES

Relacións de axentes con Obras

As relacións dos axentes coas Obras desenvolveranse no *Perfil de Axente* e nos perfís de aplicación dos diferentes materiais.

Axentes relacionados cunha Obra

NÚCLEO

Rexistre o axente responsable da creación da obra sempre que dispoña da información. Se hai máis dun responsable da creación, escolla o que apareza en primeiro lugar na manifestación recibida como base para o punto de acceso autorizado. Rexistre a relación cos demais responsables como punto de acceso variante. Véxase ademais o apartado TÍTULO E PUNTO DE ACCESO DA OBRA para máis información.

100 1# \$aRojas Zorrilla, Francisco de\$d(1607-1648).\$tEl monstruo de la fortuna

400 1# \$aCalderón de la Barca, Pedro\$d(1600-1681).\$tEl monstruo de la fortuna

400 1# \$aCoello, Antonio\$d(1611-1652).\$tEl monstruo de la fortuna

[Rexistro de autoridade da obra "El monstruo de la fortuna", dous deles son Calderón e Rojas, o terceiro autor es dubidoso. Tómase un deles como punto de acceso autorizado, ol resto como variantes]

Como rexistrar as relacións de axentes con Obras

As relacións entre axentes e recursos expresaranse utilizando a modalidade de "descrición estruturada" (sen prexuízo de que se poidan utilizar tamén as IRLs do axente para identificalos univocamente). En concreto, expresaranse mediante o seu punto de acceso.

Obras relacionadas

Contén ELEMENTOS NÚCLEO

MARC21 de autoridades

100 \$a, \$t

500 \$w, \$i, \$a, \$t

Rexistre unha Obra relacionada coa Obra que está describindo, xa sexa unha relación **todo-part**, unha relación **derivativa** ou unha relación **secuencial**.

Rexistre a relación no rexistro de autoridade cun designador de relación (codificado no subcampo \$i) e no punto de acceso:

RELACIÓNS TODO-PARTE

TODO-PARTE

Cando o rexistro de autoridade representa o todo e se establece a relación coas partes que o compoñen.

Relación	Relación recíproca
Contén (obra)	Contida en (obra)
Cando o rexistro representa o TODO	Cando o rexistro representa a parte

100 1# \$aTolkien, J. R.\$d(1892-1973) \$tThe lord of the rings

500 1# \$wr\$iContén (obra): \$aTolkien, J. R.\$d(1892-1973).\$tThe fellowship of the ring

500 1# \$wr\$iContén (obra): \$aTolkien, J. R.\$d(1892-1973).\$tThe two towers

500 1# \$wr\$iContén (obra): \$aTolkien, J. R.\$d(1892-1973).\$tThe return of the king

PARTE-TODO

Rexistre a relación da Obra descrita con outra Obra inmediatamente superior da que forma parte cando conte coa información, xa sexa no propio recurso ou en calquera outra fonte externa. Escolla o designador de relación **Contida en (obra)** e non descenda ao nivel de Expresión.

Estableza a relación incluso cando a mención de triloxía apareza posteriormente á publicación do primeiro volume.

Relación	Relación recíproca
Contén	Contida en (obra)
Cando o rexistro representa o TODO	Cando o rexistro representa a parte

100 1#\$aMcGee, Katharine.\$tThe towering sky

500 1# \$wr\$iContida en (obra):\$aMcGee, Katharine . \$tThe thousandth floor

Cando o título da obra maior coincida co título da primeira Obra contida (por exemplo, a primeira parte dunha triloxía), rexistre como título preferido do primeiro volume o título xeral especificando a parte.

100 1# \$aVillaamil, Raquel. \$tManhattan beach. \$n1

500 1# \$wr\$iContida en (obra): \$aVillaamil, Raquel. \$tManhattan beach

RELACIÓNS DE OBRA DERIVADA

Rexistre a relación da Obra descrita con outra Obra da que deriva (ou que deriva dela) cando conte coa información. Pode dalo como unha relación en punto de acceso ou en nota. Escolla o designador de relación apropiado na seguinte táboa. No caso de non atopar un designador adecuado, consulte ao Servizo de Coordinación e Normalización⁴⁵.

RELACIÓN	RELACIÓN RECÍPROCA
Abreviada de (obra) Unha obra que foi abreviada, por exemplo, acurtada sen cambiar o significado xeral ou xeito de presentación da obra fonte	Abreviada como (obra) Unha obra que acurta o contido da obra fonte sen cambiar o significado xeral ou o xeito de presentación
Adaptación á ópera (obra) Unha obra que foi adaptada como ópera	Adaptada como ópera (obra) Unha ópera baseada na obra fonte
Adaptación a teatro musical da (obra) Unha obra que foi adaptada como unha obra de teatro musical	Adaptada como teatro musical (obra) Unha obra de teatro musical baseada na obra fonte.
Adaptación a videoxogo de (obra) Unha obra que foi adaptada como un videoxogo	Adaptada como videoxogo (obra) Un videoxogo adaptado da obra fonte
Adaptación cinematográfica de (obra) Obra que foi adaptada como película cinematográfica	Adaptada como película cinematográfica (obra) Película cinematográfica baseada na obra fonte.
Adaptación coreográfica de (obra) Unha obra que foi adaptada como unha obra que consiste en movemento (por exemplo, danza)	Adaptada como coreografía (obra) Unha obra que consiste en movemento (por exemplo, danza) baseada na obra fonte.
Adaptación de (obra) Unha obra que foi modificada para un propósito, uso ou medio diferente dos previstos orixinalmente.	Adaptada como (obra) Unha obra que modifica a obra fonte para un propósito, uso ou medio diferente do previsto orixinalmente.
Adaptación en verso de (obra) Unha obra que foi adaptada como unha composición literaria en forma de verso.	Adaptada en verso como (obra) Unha composición literaria en verso adaptada da obra fonte.
Adaptación para radio de (obra) Unha obra que foi adaptada como programa de radio.	Adaptada como programa de radio (obra) Programa de radio baseada na obra fonte.
Adaptación para televisión de (obra) Obra que foi adaptada como programa de televisión.	Adaptada como programa de televisión (obra) Programa de televisión baseado na obra fonte.

⁴⁵ Da BNE

Adaptación de para vídeo de (obra)	Adaptada como vídeo (obra)
Obra que foi adaptada para vídeo.	Unha obra que consiste nun texto dunha ópera para representación musical ou un oratorio, baseada na obra fonte.
Baseada en (obra)	Obra derivada
Unha obra utilizada como fonte para unha obra derivada.	Unha obra que é unha modificación dunha obra fonte.
Compendio de (obra)	Compendiada como (obra)
Unha obra que foi resumida, i.e., condensada sistemática e integralmente.	Unha obra que condensa sistemática e integralmente a obra fonte.
Composición musical de (obra)	Feita para música como (obra)
Unha obra que proporciona o texto dunha obra musical non dramática, diferente do oratorio.	Unha obra musical non dramática, diferente do oratorio, que usa o texto da obra fonte.
Dramatización de (obra)	Dramatización como (obra)
Unha obra que foi adaptada como drama	Unha obra dramática adaptada da obra fonte
Guión baseado en (obra)	Adaptada como guión (obra)
Obra que foi adaptada como guión para unha película cinematográfica, programa de televisión ou vídeo.	Obra que consiste nun guión para unha película cinematográfica, un programa de televisión ou vídeo, baseado na obra fonte.
Guión radiofónico baseado en (obra)	Adaptada como guión radiofónico (obra)
Obra que foi adaptada como guión para un programa de radio.	Obra que consiste nun guión para un programa de radio, baseado na obra fonte.
Guión cinematográfico baseado en (obra)	Adaptada como guión cinematográfico (obra)
Obra que foi adaptada como guión para unha película cinematográfica.	Obra que consiste nun guión dunha película cinematográfica, baseado na obra fonte.
Guión para televisión baseado en (obra)	Adaptada como guión para televisión (obra)
Obra que foi adaptada como guión para un programa de televisión.	Obra que consiste nun guión dun programa de televisión, baseado na obra fonte.
Guión para vídeo baseado en (obra)	Adaptada como guión para vídeo (obra)
Obra que foi adaptada como guión para un vídeo.	Obra que consiste nun guión para vídeo, baseado na obra fonte.
Imitación de (obra)	Imitada como (obra)
Unha obra cuxo estilo ou contido copiose nunha obra derivada.	Unha obra que copia o estilo ou contido da obra fonte.
Libreto baseado en (obra)	Adaptada como libreto (obra)
Unha obra utilizada como base para o texto dunha ópera ou outra obra para escenario musical ou un oratorio.	Unha obra que consiste nun texto dunha ópera para representación musical ou un oratorio, baseado na obra.
Novelización de (obra)	Adaptada como novela (obra)
Unha obra que foi adaptada como novela	Unha novela adaptada da obra fonte
Novelización gráfica de (obra)	Adaptada como novela gráfica (obra)
Unha obra que foi adaptada como unha novela gráfica	Unha novela gráfica baseada na obra fonte

Parodia de (obra)	Parodiada como (obra)
Unha obra cuxo estilo ou contido é imitado para obter un efecto cómico	Unha obra que imita o estilo ou contido da obra fonte para crear un efecto cómico
Paráfrase de (obra)	Parafraseada como (obra)
Unha obra utilizada como base para unha paráfrase, por exemplo, un reformulación do contido da obra fonte nunha forma diferente	Unha obra que reformula o contido da obra fonte nunha fonte diferente
Remake de (obra)	Reproducida como (obra)
Obra utilizada como base para nova película cinematográfica, programa de radio, programa de televisión ou vídeo.	Película cinematográfica, un programa de radio, televisión ou vídeo novos baseados nunha obra anterior.
Resumo de (obra)	Resumida como (obra)
Unha obra que foi resumida, por exemplo, abreviada nunha forma breve e obxectivo	Unha obra que abrevia a obra fonte nun xeito breve e obxectivo
Tradución libre de (obra)	Traducida libremente como (obra)
Unha obra que foi traducida libremente, preservando o espírito orixinal, pero non os seus detalles lingüísticos	Unha obra creada mediante a interpretación libre da obra fonte noutra lingua, preservando o espírito do orixinal, pero non os seus detalles lingüísticos.
Variacións baseadas en (obra)	Modificada por variación como (obra)
Una obra musical da que se toma material melódico, temático ou harmónico para formar un tema separado, que se repite unha ou máis veces con modificacións subsecuentes.	Unha obra musical na que o material melódico, temático ou harmónico da obra fonte tómase para formar un tema separado, o cal se repite unha ou máis veces con modificacións subsecuentes.
Versión ampliada de (obra)	Ampliada como (obra)
Unha obra utilizada como base para unha obra derivada que aumenta o contido da obra fonte	Unha obra que estende o contido da obra fonte

130 0# \$aSleepy Hollow (Película cinematográfica)

500 1# \$wr\$iBaseada en (obra): \$alrving, Washington\$d(1783-1859).\$tThe legend of Sleepy Hollow.

RELACIONES SECUENCIAIS

Rexistre a relación da obra descrita con outra obra á que precede ou substitúe cando conte coa información. Escolle o designador de relación apropiado da seguinte táboa. En caso de non atopar o designador apropiado, consulte ao *Servizo de Coordinación y Normalización*⁴⁶.

RELACIÓN	RELACIÓN RECÍPROCA
Continuación de (obra) Obra cuxo contido continúa unha obra anterior baixo un novo título	Continuada por (obra) Obra que é continuada polo contido dunha obra posterior
Precuela de (obra) Unha obra que estende a narración dunha obra anterior cara atrás no tempo	Precuela (obra) Unha obra cuxa narración se estende cara atrás no tempo por unha obra posterior
Secuela de (obra) A obra cuxa narración continúa nunha obra posterior	Secuela (obra) Unha obra posterior que continúa a narración dunha obra anterior

100 1# \$aCard, Orson Scott\$d(1951-).\$tEarth afire

500 1# \$wr\$iContida en (obra):\$aCard, Orson Scott\$d(1951-).\$tFirst Formic War

500 1# \$wr\$iPrecuela de (obra):\$aCard, Orson Scott\$d(1951-)\$tEnder saga

46 Da BNE

RELACIÓNS DE OBRA ACOMPAÑANTE

Rexistre a relación da obra descrita con outra obra que a acompañe (ou á que acompaña) cando conte coa información. Escolle o designador de relación apropiado da seguinte táboa. En caso de non atopar o designador apropiado, consulte ao *Servicio de Coordinación y Normalización*⁴⁷.

RELACIÓN	RELACIÓN RECÍPROCA
Ampliación de (obra)	Ampliada por (obra)
Unha obra cuxo contido agrégase a outra obra	Unha obra cuxo contido se agrega a outra obra
Cadencia composta para (obra) Obra musical como un concerto para o que se compuxo unha pasaxe ornamental para solista, por igual ou diferente compositor.	Cadencia (obra) Obra musical que consiste nunha pasaxe ornamental para solista, agregada a unha obra musical como un concerto, por igual ou diferente compositor.
Coreografía (obra) Obra musical como un concerto para o que se compuxo unha pasaxe ornamental para solista, por igual ou diferente compositor.	Coreografía de (obra) Unha obra que usa a coreografía dunha obra relacionada.
Guión (obra) Obra que proporciona o texto para unha película cinematográfica, programa de televisión ou vídeo.	Guión para (obra) Obra tal como unha película cinematográfica, programa de televisión ou vídeo, que utiliza o texto da obra como guión.
Guión radiofónico (obra) Obra que proporciona o texto para un programa de radio.	Guión para programa de radio (obra) Obra que utiliza o texto como guión para un programa de radio.
Libreto (obra) Obra que proporciona o texto dunha ópera ou outra obra para representación musical, ou un oratorio.	Libreto para (obra) Obra musical tal como unha ópera ou outra obra para representación musical ou un oratorio, que utiliza o texto da obra relacionada como libreto.
Música (obra) Obra musical usada nunha película, obra de teatro, programa de televisión, etc.	Música para (obra) Obra tal como unha película, obra de teatro, programa de televisión, etc., que usa unha obra musical.
Música de programa de televisión (obra) Obra musical usada nun programa de televisión.	Música para programa de televisión (obra) Obra que utiliza a obra musical nun programa de televisión.
Música de programa radiofónico (obra) Obra musical utilizada nun programa de radio.	Música para programa radiofónico (obra) Obra que utiliza a obra musical nun programa de radio.

⁴⁷ Da BNE

Música incidental (obra)	Música incidental para (obra)
Obra musical que proporciona música incidental para unha obra de teatro ou outra obra falada para o escenario.	Obra tal como unha obra de teatro ou outra obra falada para escenario que utiliza a obra musical como música incidental.
Música de película cinematográfica (obra)	Música para película cinematográfica (obra)
Obra musical que é utilizada nunha película cinematográfica (obra)	Obra que utiliza a obra musical nunha película.

100 1# \$aRueda Fernández, Jesús\$tCultivo de chopos en Castilla y León

500 1# \$wr\$iAmpliación de (obra):\$aRueda Fernández, Jesús.\$tCultivo de chopos en Castilla y León.